

## INFORME DE SATISFACCIÓN E PERCEPCIÓN DAS ESCOLAS UNITARIAS DE AMES

### **Informe de datos obtidos das enquisas realizadas durante o mes de abril de 2017 para avaliar a percepción das escolas unitarias de Ames.**

No Concello de Ames actualmente existen dúas escolas unitarias, a escola da Igrexa e Ortoño e a escola de Covas.

Durante o mes de abril de 2017, aproveitando o proceso de matrícula escolar, a Concellaría de Educación do Concello de Ames realizou dúas enquisas sobre as escolas unitarias, unha para analizar o nivel de coñecemento dos posibles usuarios/as e outra para valorar o grao de satisfacción dos usuarios e usuarias actuais.

A primeira das enquisas, destinada a analizar o nivel de coñecemento sobre as escolas unitarias dos posibles usuarios/as, entregóuselles ás direccións das escolas públicas infantís de Ames de 0 a 3 anos, tanto das dúas municipais, a Escola Infantil Municipal a Madalena do Milladoiro e a Escola Infantil Municipal do Bosque, como das dúas pertencentes á rede de escolas infantís A Galiña Azul da Xunta de Galicia situadas tamén en Bertamiráns e no Milladoiro. Cubríronas de xeito voluntario os pais e nais do alumnado destas catro escolas.

Os cuestionarios da segunda enquisa entregáronse nas propias escolas unitarias e cubríronos os pais e nais de actuais usuarios/as. Con eles pretendíase coñecer a súa opinión e valorar o seu grao de satisfacción incidindo nos servizos de conciliación e comedor escolar co obxecto de coñecer a situación do servizo para poder melloralo.

A mostra para o primeiro estudo dividiuse en catro zonas e, en total, obtivéronse 95 cuestionarios cubertos, segundo a seguinte distribución:

- 1-Escola Infantil O Bosque : 14 cuestionarios
- 2-Escola Infantil A Madalena: 39 cuestionarios
- 3-Escola infantil A Galiña Azul do O Milladoiro: 14 cuestionarios
- 4-Escola infantil A Galiña Azul de Bertamiráns: 28 cuestionarios

E no que respecta ao segundo estudo, o realizado coas persoas usuarias de escolas unitarias de Ames, utilízase o total da mostra, con 23 cuestionarios respondidos

- 1-Escola Unitaria de Covas : 12 cuestionarios
- 2-Escola Unitaria de Ortoño : 11 cuestionarios


Todos os cuestionarios cubríronse de xeito voluntario e anónimo e respectouse a estrita confidencialidade das persoas que os responderon.

## 1.Cuestionario a usuari@s pontenciais

A continuación, analizamos polo miúdo os datos obtidos no primeiro cuestionario, o se lles pasou ás familias posibles futuras usuarias que teñen agora mesmo fillos/as nas catro escolas de educación infantil de 0 a 3 anos públicas do Concello Ames, tanto as municipais como as da Rede da Galiña Azul.

### Coñecemento das Escolas Unitarias de Ames


Na pregunta sobre o coñecemento das escolas unitarias sitas no noso concello, a da Igrexa de Ortoño e a de Covas, destaca que o nivel de coñecemento dos nosos enquisados é bastante baixo, xa que máis dun 63% afirman non coñecer este tipo de escolas fronte a un 35 % que si as coñecen. Polo tanto, a partir deste dato, vemos que é importante e necesario levar a cabo unha campaña informativa para dar a coñecer este modelo de escola aos posibles futuros usuarios e usuarias



### Posibilidade de escolarización nunha Escola Unitaria.

Na pregunta sobre se ten pensado escolarizar o seu fillo/a nunha escola unitaria temos que partir de que só un 35% das persoas enquisadas afirma coñecelas, polo tanto a porcentaxe dentro deste grupo que as coñece é maior que sobre o total da mostra. Sobre o total da mostra, un 12% estaría disposto a escolarizar o seu fillo ou filla nunha unitaria.

A alta porcentaxe de persoas que afirman non estar dispostos a escolarizar nunha unitaria, obviamente está relacionada co elevado grao de descoñecemento deste modelo de escola.




**Principais motivos para non escolarizar aos fillos/as nunha escola unitaria.**

Nunha cuestión aberta, onde se lles preguntou aos usuarios/as, por cal consideraban que era o principal motivo para non escolarizar ao seu fillo/a nunha escola unitaria, a resposta que máis se repetiu, nun 45% das enquisas, foi a distancia entre o centro e o seu propio domicilio. Esta resposta foi aínda máis habitual nos cuestionarios realizados no Milladoiro.

Outra resposta frecuente, recollida no 10 % dos cuestionarios, foi a de ter outro fillo ou filla escolarizado xa noutro centro.

A falta de transporte escolar, a carencia de servizo de comedor e de programas de conciliación foron tamén respostas recollidas aínda que con porcentaxes moito menores, 7%, 6% e 5% respectivamente.

Por último, un 3 % afirmou que o motivo para non escolarizar nas unitarias era o descoñecemento do modelo.



### Principais características para a esolla dun centro escolar

Unha das preguntas nas que se incidía no cuestionario, e na que esta concellaría tiña especial interese en investigar, era no principal motivo que levaba aos pais e nais a matricular as crianzas nun ou noutro centro.


Para isto achegábaselles unha listaxe de motivos que eles e elas tiñan que valorar cunha puntuación de 1 a 5, no que o 1 era algo moi pouco importante e o 5 algo moi importante.

En xeral, entre un 50 e 60% das persoas enquisadas valoraron todas as respostas como moi importantes ou bastante importantes.

O estilo de aprendizaxe autónomo e participativo considerárono moi importante nun 63 % dos casos e importante nun 22%. Estes mesmos valores repetíronse practicamente nas outras respostas: o reducido número de alumnos/as, a importancia da participación das familias, a existencia de comedor escolar ou continuidade do profesorado.


Chama a atención a disparidade en valorar a continuidade do profesorado, un 67% puntúana como moi importante, pero tamén hai persoas que a valoran como nada ou pouco importante.

### Valoración para a escolla dunha escola unitaria



### Grao de interese na implantación do comedor escolar

Un 35% das persoas enquisadas amósanse favorables á implantación do servizo de comedor escolar na escolas unitarias de Ortoño e Covas, dado que este servizo facilitaríalles ás familias a conciliación. Porén, a implantación deste servizo non mudaría a opinión de matricular ao seu fillo/a nunha escola unitaria nun amplo 58 % .



## **Conclusións :**

Da información obtida nas enquisas tiramos as seguintes conclusións:

1. Dúas de cada tres persoas non coñecen as escolas unitarias situadas no Concello de Ames.
2. A implantación do servizo de comedor escolar nas unitarias non mudaría a opinión da ampla maioría dos pais e nais de matricular ou non as crianzas nestas escolas. Só unha de cada tres familias estaría interesada neste servizo en caso de implantarse.
3. A metade das persoas enquisadas valoran como principal característica para a escolla de centro escolar para o seu fillo/a a proximidade ao seu centro de traballo ou domicilio, seguida, a bastante distancia, da de ter outro fillo/a escolarizado nese mesmo centro.
4. Á hora de valorar as principais características para escolla dun centro escolar, apenas existen diferenzas significativas entre as opcións amosadas, xa que tanto o estilo de aprendizaxe autónomo, como as relacións de proximidade, a participación das familias, a existencia de comedor escolar e a continuade do profesorado son valoradas como importantes ou moi importantes pola maioría das persoas enquisadas. En último lugar queda, aínda que tamén cunha alta valoración, o reducido número de alumnado.


## **2.Cuestionario a usuari@s das Escolas Unitarias.**

### **Grao de satisfacción**

A continuación imos analizar os datos obtidos nado segundo cuestionario, que foi o que se lles pasou a todas as familias usuarias das escolas unitarias e co que se pretendía medir o grao de satisfacción dos/as usuarios/as destes servizos.

Na primeira cuestión preguntábase directamente polo grao de satisfacción coa escola á que acudía o seu fillo/a. Ese grao de satisfacción tiñan que puntuala de 1 a 5 , onde o 1 era pouco satisfeito e o 5 moi satisfeito.

Segundo a enquisa, o grao de satisfacción é moi alto, xa que máis dun 82% afirmou estar moi satisfeito e o 17% restante respondeu estar bastante satisfeito.




#### **Principais características que se valoran para escoller unha escola unitaria.**

Nesta pregunta ofrecíanse unha serie de respostas para que as valorasen cunha puntuación de 1 a 5 , no que o 1 era algo moi pouco importante e o 5 algo moi importante.

O reducido número de alumnos e as relacións de proximidade e de cooperación foron as respostas que maior puntuación acadaron. Cunha valoración moi próxima a estas tamén destacan a aprendizaxe autónoma e a participación das familias. Curiosamente o que é considerado como menos importante pola maioría das familias é a existencia de comedor escolar.


### Valoración para a escola dunha escola unitaria



### Grao de interese na implantación do comedor escolar

Cando preguntamos cal sería o seu nivel de interese en que se implantase un comedor escolar na unitaria a cal acode o seu fillo/a, un 52% afirma non estar interesados/as fronte un 43% que se amosa favorables á incorporación deste servizo.





### Conclusións :

Da información obtida nesta enquisa podemos tirar as seguintes conclusións:

1. O nivel de satisfacción das familias usuarias das escolas unitarias de Ames é moi alto e non se aprecia ningunha diferenza significativa entre a escola de Covas e a de Ortoño.
2. A implantación do servizo de comedor escolar sería ben valorada polos usuarios/as, aínda que non o destacan nunca como algo imprescindible, nin o valoran como algo fundamental para escoller centro.
- 3 As características que mellor valoran nunha escola unitaria son o estilo autónomo de aprendizaxe, as relacións de proximidade, a participación das familias, a continuidade do profesorado e o reducido número de alumnos. Nesta valoración queda en último lugar a existencia de comedor escolar.